

A Corporación solicitará que non se peche a oficina de Abanca en Ledesma

A Corporación dará luz verde unánime no pleno municipal do presente mes de agosto a unha moción contra o peche da sucursal de Abanca en Ponte Ledesma. Os dous grupos políticos representados (Partido Popular e Veciñ@s de Boqueixón) unirán forzas para solicitar á entidade bancaria o mantemento desta oficina no municipio.

Esta moción súmase ao documento presentado por rexistro municipal por parte da veciñanza afectada e que solicita o mantemento desta sucursal. Un milleiro de persoas apoiando a petición de que non se peche a oficina de Ponte Ledesma, xa que a veciñanza quedaría sen un servizo básico.

Na moción que apoian os dous partidos políticos municipais ponse de manifesto a preocupación veciñal porque “a oficina de Ledes-



A sucursal de Abanca no núcleo de Ponte Ledesma segue sen actividade

ma permanece pechada, a pesares de que finalizou o estado de alarma e se está avanzando cara a *nova normalidade*”. De cesar a actividade nesta sucursal, veríanse afectadas persoas de ata cinco municipios da bisbarra: Boqueixón, touro,

Silleda, A Estrada e Vila de Cruces.

Máis de 15 quilómetros

Máis concretamente, esta sucursal dá servizo, tal e como se especifica na moción, “as parroquias de Ledesma, Oural, Sucira

Donas, Gres, Cira, San Miguel de Castro, Camanzo, Añobre, Bendaña e Vilar”. Así, as persoas afectadas teñen que percorrer longas distancias (en moitos casos, de máis de 15 quilómetros) para facer xestións bancarias como pago de recibos ou cobro de pensións”. Ademais, “son as persoas maiores o colectivo máis afectado, xa que son as que máis dificultades presentan no acceso aos servizos bancarios en liña”, conclúe a moción.

O acordo establece a solicitude a Abanca Corporación Bancaria “a reapertura á maior brevidade posible da sucursal de Ponte Ledesma”. Do mesmo xeito, esta moción trasladarase aos Concellos de Touro, Vila de Cruces, Silleda e A Estrada para que sexa secundada polas súas respectivas Corporacións locais.

Catorce empresas presentaron ofertas para a EDAR de Sergude

Un total de catorce empresas presentaron ofertas para executar o proxecto de construción da nova Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Sergude. Esta infraestrutura conta cun investimento de máis de 1,8 millóns de euros. Prevese que os traballos se

executen durante un período de 12 meses.

A futura EDAR, que se localizará a carón da actual, permitirá ampliar a capacidade da rede de saneamento ata 3.000 habitantes, triplicando a actual capacidade, que resulta insuficiente. Deste xeito, poderase cubrir este ser-

vizo básico nos núcleos de Sergude e Lestedo, unificando o tratamento das súas augas residuais.

Estas obras, inscríbese no marco do convenio de colaboración asinado polo Concello de Boqueixón e Augas de Galicia, que se encarga de achegar a maior parte do financia-

mento e contratar a execución das obras, correspondéndolle á entidade local o cofinanciamento, a xestión dos terreos para a futura planta de tratamento de augas residuais e a asunción da súa conservación e explotación unha vez rematados os traballos de construción.

Obradoiros de xestión emocional e lecer co 'Activa ti + eu x nós'

O Concello de Boqueixón puxo en marcha o pasado mes de xullo o programa Activa ti + eu x nós, dirixida á mocidade de entre 14 e 18 anos. A iniciativa está incluída nas propostas de formación de mediadores xuvenís desenvolvidas dende o Servizo de prevención de condutas aditivas e a OMIX boqueixanesa, co apoio da Consellería de Sanidade a través da Dirección Xeral de Saúde Pública.

Este programa combina o obradoiro e-MOTIVA, impartido pola coach Ana Couto, con actividades de lecer de diverso tipo. Así, cada xornada contou cunha parte centrada nesta sesión

na que se proporcionaron ferramentas, recursos, técnicas e reflexións para realizar unha toma de contacto co desenvolvemento persoal da mocidade. A empatía, a asertividade e a resiliencia centraron as temáticas tratadas durante este obradoiro.

A segunda parte das xornadas ofreceu divertidas propostas. Entre elas, cómpre salientar un descenso en piragua polo río Ulla (da área recreativa de Sucira á de Agronovo) ou unha *Scape Room* desenvolvida nas instalacións da Casa da Cultura de Camporrapado, adaptada especialmente para a ocasión.



Mocidade participante durante unha das sesións do obradoiro e-MOTIVA



Unha das propostas de lecer centrouse nun descenso en piragua polo río Ulla



A 'Noite Velada' volta ao Campo do Río o venres 7 de agosto

As candeas iluminarán de novo a ponte histórica de Ponte Ledesma coa celebración da Noite Velada. A cita regresará ao Campo do Río o vindeiro venres 7 de agosto ás 22.30 horas e contará coa actuación de A Banda da Loba.

Esta actividade rexistrará certas modificacións con respecto á anteriores ocasións, co fin de garantir todas as medidas hixiénico-sanitarias fronte á COVID-19. Así, o aforo estará limitado, polo que as persoas que queiran asistir deberán formalizar a súa inscrición cha-

mando ao 981 513 061 ou enviando un correo electrónico a boqueixonturismo@gmail.com.

Para garantir un acceso ordenado e gradual, a apertura do acceso realizarase ás 21.30 horas. Disporanse cadeiras debidamente separadas.

Dende o Concello lembran que todas as persoas asistentes deberán cumprir escrupulosamente coas medidas hixiénico-sanitarias pertinentes. Levarán obrigatoriamente máscara, manterán a distancia interpersoal dun mínimo de 1,5 metros e utilizarán hidroxel.

Edita: Concello de Boqueixón. Forte, s/n.
15881 Boqueixón.
Web: www.boqueixon.es/com

Correo electrónico: concello@boqueixon.com
Redacción e maquetación: Nós Comunicación
Distribución gratuíta

Oficinas xerais: 981 51 30 61
Educación e Cultura: 981 51 31 15
Servicios Sociais / CIM: 981 51 30 06

Animación á lectura, xogos sobre igualdade e maxia, no Verán Activo



Cativas e cativos que participaron no obradoiro de igualdade do CIM



Unha das propostas de lecer centrouse nun descenso en piragua polo río Ulla



Lucas García, co seu debuxo



Unha das propostas de lecer centrouse nun descenso en piragua polo río Ulla



A cativada gozando da xornada con inchables

O programa de conciliación familiar estival Verán Activo finalizou as quendas de xullo cun mes cheo de variadas actividades. Así, as crianzas participantes gozaron de propostas de lecer como maxia, inchables, manualidades e outras propostas especiais.

Entre elas, cómpre salientar as visitas á biblioteca municipal de cara a fomentar o hábito lector entre a rapazada. Nestas visitas propúxolle un concurso de debuxo dun monstro, a raíz de contacontos realizados. Recollidos todos, os participantes votaron o mellor debuxo, resultando o gañador Lucas García, do grupo

de Verán Activo chamado *Os Salvaxes*.

Por outra banda, este programa de conciliación incluíu un obradoiro sobre igualdade impartido polo Centro de Información á Muller (CIM) de Boqueixón. A iniciativa, dirixida a nenas e nenos de entre 8 e 12 anos, foi coordinada por Yolanda Neira, psicóloga do CIM, e tivo como obxectivo fomentar a igualdade e prever a violencia de xénero a través dun xogo chamado *A ruleta da sorte*.

O Verán Activo tamén incluíu unha sesión de maxia a cargo do Mago Noel e unha actividade con inchables para a cativada.

O programa de visitas guiadas xeolóxicas ao Pico Sacro comeza con boa acollida

O Pico Sacro acollerá durante todo este verán un completo programa de visitas guiadas xeolóxicas. Esta iniciativa, promovida pola empresa Geotur Galicia en colaboración co Concello de Boqueixón, desenvolveuse os domingos do verán.

As primeiras sesións contaron con boa acollida por parte do público e xa son varias as persoas interesadas en participar nos seguintes percorridos que poñen en valor o potencial xeolóxico deste salientable enclave boqueixanés.



Observación astronómica no Pico

Unha trintena de persoas acudiu ao cumio do Pico Sacro para participar na primeira sesión do congreso público A ASTRONOMÍA nas RUTAS XACOBEAS. Esta iniciativa está promovida polo Observatorio Astronómico Ramón

Mª Aller da Universidade de Santiago de Compostela (USC) co cofinanciamento da Axencia de Turismo de Galicia, Xacobeo 2021 e en colaboración co Concello de Boqueixón.

A seguinte sesión terá lugar o vindeiro 11 de agosto.



Asistentes á primeira sesión do congreso público celebrada no Pico Sacro

AXENDA DO MES DE AGOSTO

Luns
3

Verán Activo

O Forte
09.00 a 14.00 horas
Comezo da quenda de agosto do programa de conciliación estival. Dirixido a nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria.

Venres
7

'Noite Velada'

Campo do Río de Ponte Ledesma
22.30 horas
Entrada de balde
Actuación de A Banda da Loba. Prazas limitadas.
Imprescindible inscrición en boqueixonturismo@gmail.com ou no teléfono 981 513 061.

Sábado
8

Noites de Cine: Proxección de 'SuperLópez'

Campo do Río de Ponte Ledesma
22.30 horas
Entrada de balde
Comedia para tódolos públicos. Colabora: Deputación da provincia de A Coruña.

Domingo
9

Visita xeolóxica

Pico Sacro
11.00 horas
Prezo: 10 €/persoa (menores de 12 anos, de balde)
Percorrido xeolóxico con distintas paradas. Prazas moi limitadas. Inscricións no 675 820 520 ou en geoturgalicia@gmail.com.

Martes
11

'Congreso, ASTRONOMÍA nas RUTAS XACOBEAS'

Pico Sacro

22.30 horas
Entrada de balde
Charla sobre Perseidas e observación.
Inscricións, no Departamento de Cultura.
Actividade promovida polo Observatorio Astronómico Ramón María Aller da USC, co apoio de Turismo de Galicia e Xacobeo 2021.

Venres
14

Noite de Cine: Proxección de 'A galiña Turuleca'

Campo da Feira de Lestedo
22.30 horas
Entrada de balde
Infantil.
Colabora: Deputación da provincia de A Coruña.

Venres
14

Ioga na Natureza

Insuas de Gres (Ponte Ledesma)
Entrada de balde
19.30-21.00 horas
15 prazas dispoñibles
Clase práctica para promover a saúde e descubrir os beneficios do ioga (corpo, respiración, meditación).
Inscricións no Departamento de Cultura do Concello de Boqueixón.

Sábado
15

Noites de Cine: Proxección de 'Copito de neve'

Campo da Festa de Oural
22.30 horas
Entrada de balde
Infantil.
Colabora: Deputación da provincia de A Coruña.

Domingo
16

Visita xeolóxica

Pico Sacro
11.00 horas
Prezo: 10 €/persoa (menores de 12 anos, de balde)
Percorrido xeolóxico con distintas paradas. Prazas moi limitadas. Inscricións no 675 820 520 ou en geoturgalicia@gmail.com.

Domingo
23

Visita xeolóxica

Pico Sacro
11.00 horas
Prezo: 10 €/persoa (menores de 12 anos, de balde)
Percorrido xeolóxico con distintas paradas. Prazas moi limitadas. Inscricións no 675 820 520 ou en geoturgalicia@gmail.com.

Domingo
30

Visita xeolóxica

Pico Sacro
11.00 horas
Prezo: 10 €/persoa (menores de 12 anos, de balde)
Percorrido xeolóxico con distintas paradas. Prazas moi limitadas. Inscricións no 675 820 520 ou en geoturgalicia@gmail.com.

e en setembro...

Domingo
6

Visita xeolóxica

Pico Sacro
11.00 horas
Prezo: 10 €/persoa (menores de 12 anos, de balde)
Percorrido xeolóxico con distintas paradas. Inscricións no 675 820 520 ou en geoturgalicia@gmail.com.

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 concello@boqueixon.com CIM: 981 513 061 cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com